

COUSAS DE LUGO

ANTONIO REIGOSA

## DE SANTOS, DE LOBOS E DE MILAGRES

Lugo nunca foi cidade afortunada en santos nin en milagres, e só sabe de lobos, se exceptuamos os lobos da política, o que lle pasou con un a San Froilán e o que Anxel Fole nos contou deles e das lobeiras da contorna.

Temos un só santo, San Froilán, que, agás nacer, fixo a carreira fóra. Un só milagre por obra de Santa María cando lle desentolleu as mans e os pés na catedral a unha muller contreira. «Da que Deus mamou o leite do seu peito, non é marabilla sandar contreito», deixou dito en verso Afonso X, o rei sabio.

*Da que Deus mamou [o] leite do seu peito/non é marabilla de saar contreito/Desto fez Santa María miragre fremeoso/ena sa ygrej en Lugo, grad e piadoso,/ por hua muller que avia tolleito/ o mais do seu corp e de mal encolleito./ Da que Deus mamou o leite do seu peito...*

*Pero aveo-ll atal que ali u sa-ava/ cada un membro per si mui rig [e]stalava,/ ben come madeira nui seca de teito/ quando ss estendia o norvio encon[te]ito./ Da que Deus mamou o leite do seu peito*

É un só lobo con hano, o que lle comeu o burro maletreiro ó santo Froilán polos montes de León. Pouca bagaxe, ó meu parecer, para dous mil anos de andadura.

É mágoa, e non cativa, que Xoán Diácono, primeiro haxiografo de San Froilán, non nos deixase por escrito noticia exacta do encontro do lobo co santo, nin do tempo, per multos anos, que conviviron os dous polas ribeiras do río Curueño, no Valdecésar leonés. E sendo Froilán, como era, home lido e cultivado, non daqueloutros frades do seu tempo, sanguinistas, latrones, refugas, mágicos, nada nos custa imaxinalos sós naqueles ermos, sostendo demoradas tertulias e de proveito. Uns días río arriba, outros río abaixo, polas ribeiras do Curueño, entre Correcillas e Valtuerto, por Valdorria, polas paraxes onde están a pena e a capela de San Froilán, forza a natureza a conversar. E máis aínda se o que carga o animal é alimento para o espírito.

De pláticas entre santos e lobos sábese pouco, e aínda ese pouco non está debidamente contrastado. San Gaurín, ou Guarín, de Cardoec, por exemplo, expulsou os lobos todos da Bretaña, meteuos nun barco e deulles a escoller por destino entre Escocia ou España. Parece que os lobos se queixaron de palabra do lonxe que lles quedaba España e hai quen supón por eso que se foron remando cara Escocia; pero é



O San Froilán é toda unha paisaxe animada; as súas xentes, os feltrantes, os músicos, as barracas, os tióvivos

moito aventurar, que ningún viu onde pararon. O que sí consta é que desde entón non foron precisas máis monterías na Bretaña.

Cando San Francisco de Asís amansou o lobo de Gubio xa pasaran catrocentos anos desde que San Froilán reduciua o lobo famento que lle comera o burro. Xa superara indenne a proba de achegar ós beizos os carbóns en brasa cando quixo saber se valía ou non para orador; xa o visitaran as dúas pombas, unha da cor do lume co bicar ardente, a outra da cor

da neve co peteiro suave coma o mel. Xa tiña, sendo entón xove anacoreta, as bendicións do ceo para chegar a santo.

E dóeme, insisto, non ter noticia fresca de testemuña tan fiable coma a de Xoán Diácono. Cóntano outros que falan de oídas, pero non el. E, se o fixese, haberíamos saber se o burro aventou ou non o lobo, se se lle ergueron tesos os pelos todos do corpo, tal que follas de navalla; quen viu primeiro a quen; se o burro fa o ferrado e se o lobo tivo que descalzalo antes comelo;

se viña só ou en manda; se, en fin, tivo ocasión o burro para a defensa ou se se entregou ó sacrificio porque así o tiña posto no libro do seu destino. Aínda cumpriría sopesar a hipótese do refrán que di que «O lobo, farto de carne, meteuse frade».

E, outra cousa; ¿como, en que idioma, con que acento falarían o santo e o lobo? Temperados, doces, irados, vengativos, comprensivos; en latín, en galego, en leonés. Cuestións de fondo que non teñen solución.

Non estaría demais remedialo agora que se achegan a fin do

século, a do milenio e ata mudas coma a que houbo no goberno municipal. Nunca tivera Lugo xuntos tantos avisos.

Gustaríame a min que entrase en Lugo un lobo por San Froilán, un da estirpe daqueloutro que despois de matar a fame se volveu lacaio de santo. Entraría por porta principal e antiga da muralla, propoño a Miñá por estar próxima ó Regueiro dos Hortos, onde naceu e xogou ós bolos San Froilán. Rúa arriba achegárase á praza do concello un lobo negro, coxo, combo do lombo coma todos, coas angarellas cheas de libros coma as que levou o lobo de Froilán. A xente saberá da súa presenza, aínda sen velo, porque sentirán o arrepío que produce a súa proximidade, o abafar do seu alento, os corpos irtos; e, ó velo cos ollos brillantes coma lume, coa mirada que fascina, aberta a boca coa que comen os lobos as avoas das Carrapuchiñas, os dentes mestos, aguzados coma punta de lanza, para coñecerlle a cara ó medo. Temerano, temerémolo, e non ousaremos miralo de fronte, que así nin as balas deixa saír das armas, e saberemos o pavor que houbo sentir o burro e o que senten os que son atacados polos lobos da política. Soará entón a música das gaitas, a que amansa as feras, e o aceno do animal volverase manso, amigo, e achegáremosnos tranquilos coller das súas alforxas por cada cidadán un libro.

Recibirano as autoridades todas (cívís, eclesiásticas, militares, opositoras), dispostas segundo as regras do protocolo ordinario, e logo invítarano a falar desde o púlpito do concello. E así saberemos en que lingua falan estes lobos e como e con que gracia se desculpan das maldades perpetradas polos seus devanceiros. Despois, o lobo, para deixar constancia ante o ceo do seu pesar, irá á catedral bicar a reliquia do patrón (un óso de perna de media vara de largo) e nese instante caería sobre a cidade, maino, un orballo de mel coma o que mollou ós leoneses vindo de Moreuela para León cos restos de San Froilán. Entón foi proba irrefutable da autenticidade das reliquias; agora sería sinal de prodixio auténtico para non confundir o milagre con un acto máis do programa de festas. Tampouco é tanto pedir para Lugo un milagre por milenio, sempre e cando leve algún lobo dentro.

ANTONIO REIGOSA é escritor e gañou recentemente o premio Morfin. ALEJANDRO CARRO é pintor con exposicións nacionais e internacionais.